

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE MARZO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vintedous de marzo do dous mil dous; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Antes de inicia-la sesión, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, no nome da Corporación, quere manifesta-la súa máis enérxica condena e repulsa polo asasinato do concelleiro do partido socialista en Orio (Donosti), Don Juan Priede Pérez, cometido no día de onte pola banda terrorista ETA.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE FEBREIRO PASADO (Ordinaria).-

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 28 de Febreiro pasado (Ordinaria).

2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para solicitar que nas resolucións económicas, nas referentes os vehículos municipais se faga referencia a matrícula dos mesmos.

De seguido o Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 31 de decembro, sobre aboamentos.

Do 6 de febreiro, sete, sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 25 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 26 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 27 de febreiro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 28 de febreiro, cinco, unha sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes; unha, sobre obras e asuntos varios; unha, sobre aprobación da liquidación do presuposto municipal de 2001; e, dúas, sobre aboamentos.

Do 1 de marzo, sobre aboamentos.

Do 4 de marzo, tres; dúas, sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes; e unha, sobre aboamentos.

Do 5 de marzo, sobre aboamentos.

Do 6 de marzo, dúas; unha sobre aboamentos e outra sobre inclusión no Padrón Municipal de Habitantes.

Do 7 de marzo, vintenove; unha, sobre aboamentos; e vinteoito sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 8 de marzo, sobre obras e asuntos varios.

Do 11 de marzo, dezanove; unha, sobre aboamentos; e, dezaioito, sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 13 de marzo, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre delegación de competencias da Alcaldía.

Do 17 de marzo, sobre aboamentos.

Do 20 de marzo, sobre anulación recoñecemento de obrigas.

3.- RESOLUCION DAS ALEGACIONES PRESENTADAS A APROBACION INICIAL, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACION E FUNCIONAMIENTO DE INSTALACIONES DE TELEFONIA MOBIL PERSOAL E OUTROS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES E DIFUSION.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interno, que inclúa Policía Local e Tráfico, celebrada o pasado 20 de Marzo que di: "Intervén, Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta das alegación presentadas a ordenanza para instalación e funcionamento de

telefonía móbil persoal e outros servicios, dicindo que foron presentadas dúas, unha por Telefónica móbiles S.A. e outra por Retevisión Móbiles S.A..

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para dicir que a alegación realizada por Dona Maria Luisa Rodríguez López, na representación de Telefónica móbiles, podría ser presentada no senso contrario polo Concello de Ribadavia se dispuxese dos medios de que dispón dita compañía; continúa dicindo que o que se trata de explicar nas alegacións non liberdade de actuacións senon tratar de buscar beneficios para as empresas, dí que as empresas preocupanse dos beneficios e non da saúde das persoas. Finaliza a súa intervención dicindo que rechaza todas as alegacións presentadas, sinalando o seu apoio a ordenanza presentada, sobre todo se temos en conta que é unha ordenanza auspiciada dende a Fegamp.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para ratificar o sinalado polo Sr. Alonso Fernández.

Despois de breves intervencións os presentes, acordan desestimar as alegacións presentadas por falta de base técnica e xurídica das mesmas.

De seguido sométese a votación ordinaria a aprobación ou non das alegacións presentadas, obténdose o seguinte resultado: fican dictaminadas desfavorablemente por unanimidade".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non das alegacións presentadas á devandita Ordenanza, obténdose o seguinte resultado: fican desestimadas por unanimidade.

4.- APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACION E FUNCIONAMENTO DE INSTALACIONES DE TELEFONIA MOBIL PERSOAL E OUTROS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES E DIFUSION.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interno, que inclúa Policía Local e Tráfico, celebrada o pasado 20 de Marzo que di: " Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para sinalar que unha vez resoltas as alegacións procede someter a votación a aprobación definitiva de dita ordenanza.

De seguido e tendo en conta a resolución da alegacións presentadas, sométese a votación ordinaria a aprobación

definitiva de dita ordenanza, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade a aprobación definitiva de dita ordenanza".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación definitiva da devandita Ordenanza, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido procedese á transcripción da devandita Ordenanza: " **ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACION E FUNCIONAMENTO DE INSTALACIONES DE TELEFONIA MOBIL PERSOAL E OUTROS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES E DE DIFUSION.**

EXPOSICION DE MOTIVOS

O forte avance tecnolóxico e a liberalización do mercado experimentado nos últimos anos no campo das telecomunicacións tivo na telefonía móbil persoal unha das súas máis importantes repercusións, con un desenvolvemento tan considerable que, unido ó forte impacto que as súas instalacións teñen na paisaxe urbana e natural, e a carencia de normativa municipal específica, xustifican a elaboración e aprobación por parte deste Concello de Ribadavia, dunha Ordenanza Municipal propia para estes fins.

O proceso de implantación das operadoras e o rápido crecemento do mercado están creando unha serie de disfuncións que, como se dixo, provocan a necesaria intervención da administración local neste proceso.

Ademais o alto nivel de incidencia que a instalación das diferentes operadoras está xerando dentro da paisaxe urbana e rural, non debe deixarse de lado a adopción de certas cautelas en relación ca saúde dos cidadáns.

Así, esta Ordenanza ten como obxectivo a regulamentación das condicións urbanísticas aplicables á localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación, sempre dende a búsqueda da maior protección tanto medioambiental como sanitaria.

En todo caso, a Administración favorecerá aquelas infraestructuras que produzan un menor impacto visual e ambiental sobre o entorno, velando para que as instalacións ofrezan un mínimo de garantía de salubridade na súa área de influencia.

Encontrámonos ante unha Ordenanza de carácter urbanístico, sen esquecer a incidencia real das súas determinacións

sobre outras áreas e competencias municipais de distinta orde.

Considerando o Informe en relación coa perigosidade para a saúde humana das antenas base de telefonía móbil emitido pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais de data de 9 de outubro do 2000 elaborado sobre os valores límite de exposición da densidade de potencia de radiacións electromagnéticas non ionizantes establecidos por distintos organismos, tales como o Institute of Electronic and Electronics Engineers and American National Standards Institute, International Commission on Non Ionizing Radiation Protection (ICNIRP), National Council on Radiation Protection and Measurements, Comité European de Normalization Electrotechnique, International Radiation Protection Association, Federal Communications Commission.

Os concellos se encontran lexitimados para a emisión deste tipo de Ordenanza de acordo coas competencias en materias como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística (Art.25.2.d.da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Patrimonio Histórico-Artístico (art.25.2.e.), a protección do medio ambiente (art.25.2.f.), ou a salubridade pública (art.25.2.h.).

Ó amparo no disposto nos artigos 168 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Chan de Galicia e o art. 10 do Decreto 28/7999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, estará sometida a licenza municipal a instalación no noso termo municipal de elementos e equipos de telecomunicación.

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nesta Ordenanza, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, constituída na actualidade básicamente pola Lei 11/1998, do 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións, así como o Real Decreto de 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

O artigo 62 da Lei 11/1998, establece que o Goberno desenvolverá regulamentariamente as condicións de xestión do dominio público radioeléctrico, precisándose que en dito regulamento se deba incluír o procedemento de determinación dos niveis de emisión radioeléctricos tolerables.

Este mandato foi debidamente atendido a través do xa referido Real Decreto 1066/2001, o cal establece uns límites de exposición, referidos os sistemas de radiocomunicacións, baseados na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos. Ademais o Regulamento prevé mecanismos de seguimento dos niveis de exposición, mediante a representación de certificacións e informes por parte de operadores de telecomunicacións, así como a realización de plans de inspección.

Da Ordenanza deberanse destacar, ademais os seguintes puntos:

A obriga de presentar un Programa de desenvolvemento para as operadoras que teñan a función de prove-los Concellos de información necesaria para a toma de decisións.

Establece-lo uso conxunto de infraestructuras entre as operadoras, alí onde sexa técnica e axeitada, especialmente en solo non urbanizable.

Establecer limitacións de implantación por impacto paisaxístico e por criterios de non afectación á saúde das persoas, por afectación de núcleos históricos ou por obsolescencia tecnolóxica.

Imponse-la normativa vixente sobre seguridade para as persoas de este tipo de instalacións.

Incorporar, en futuras revisións da normativa, os requisitos técnicos e de distancias que establezan no futuro os estudos contrastados sobre os efectos das microondas na saúde das persoas.

Entrementres, establécese a obriga para as operadoras de xustifica-la adecuación das distancias en relación coas edificacións existentes, de xeito que se garanta suficientemente que a implantación das mesmas resulte inocua para a saúde.

Incorpórase á presente Ordenanza, como parte integrante das mesma, un anexo no que se establecen en todo caso as distancias mínimas de tolerancia.

En definitiva, a ordenanza municipal debe servir para impoñe-los parámetro fundamentais da relación concello-operadoras de telecomunicación, en canto ó uso do dominio público ou privado do espazo para a instalación de

elementos de radiocomunicación, concretamente no que ó tema de taxas se refire.

Por último, sinalar que a intervención administrativa municipal no ámbito ambiental pode quedar condicionada á actuación normativa da Xunta, mediante a Comisión correspondente, que determinará a incorporación definitiva deste tipo de instalacións ó anexo ou anexos máis apropiados do Decreto 2414/1961 de 30 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres e Perigosas.

CAPITULO I.

Disposicións Xerais.

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza regula as condicións de ubicación e instalacións da infraestrutura de telecomunicacións no Concello de Ribadavia, constituídas por instalacións de telefonía móbil persoal e outros servizos de telecomunicacións e de difusión, a fin de compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poidan producir.

Todo isto a través do establecemento das condicións de protección do dominio público radioeléctrico, a autorización, planificación e inspección de instalacións radioeléctricas en relación cos límites de exposición ás emisións, a avaliación de equipos e aparatos e o réxime sancionador aplicable. Así mesmo establécense os límites de exposición para a protección sanitaria e a avaliación de riscos por emisións radioeléctricas.

Artigo 2.

A instalación de equipos e elementos de telecomunicacións, ten que estar expresamente autorizada polo Concello de Ribadavia, e estará suxeita ó cumprimento das condicións que se establezan nesta Ordenanza, a que determinará cales de estas instalacións serán suxeitas a previa licenza municipal e o procedemento administrativo pertinente.

Artigo 3.

Por medio de esta Ordenanza dotarase de regulación á esixencia de taxa por utilización privativa ou

aproveitamentos especiais constituidos no dominio público local a favor das empresas explotadoras de servicios de suministros.

Artigo 4. Finalidades

Esta Ordenanza ten por finalidades:

a)A protección da saúde dos cidadáns ante as posibles consecuencias que as ondas electromagnéticas poden ocasionar sobre a mesma.

b)A armonización do despliegue das redes de radiocomunicación coa finalidade de protección no medioambiente.

c)A integración das estacións base de telefonía mobil e outras estacións de radiocomunicacións no entorno urbanístico e territorial.

SECCION PRIMEIRA

CONDICIONS DE INSTALACION

CAPITULO II.

Programa de implantación e de desenvolvemento.

Artigo 5.

As operadoras de radiocomunicación estarán suxeitas á aprobación de un Plan de Implantación e Desenvolvemento do conxunto de toda a rede que contemple as estacións fixas xa existentes e as previsións de implantación e desenvolvemento do conxunto de toda a súa rede dentro do término municipal.

Dito plan proporcionará a información necesaria para a adecuada integración de estas instalacións na ordenación mediambiental e territorial e asegurar o cumprimento da limitacións establecida na lexislación vixente.

Artigo 6. Contido do Plan de Implantación e Desenvolvemento

1.Con carácter xeral:

a.Esquema xeral da rede, indicando os principais modos e localización da cabeceira, enlaces e posibles alternativas.

b.Descripción dos servicios prestados e tecnoloxías utilizadas.

c. Programa e calendario de execución das novas instalacións.

2. Para cada emprazamento:

a. Disposición do terreo, accesos e suministros.

b. Calificación urbanística do chan, afeccións medioambientais e ó patrimonio histórico-artístico.

c. Posibilidade de uso compartido.

d. Definición da tipoloxía das instalacións para cada emprazamento, mencionando: a xustificación da solución técnica proposta, altura do emprazamento e altura das antenas do sistema radiant, área de cobertura, marxe de frecuencias e potencia de emisión, número e tipo de antenas, así como calquera outro requisito de carácter técnico esixido pola lexislación vixente.

e. Previsión das áreas de nova implantación de equipos xustificando a cobertura territorial prevista.

f. Incidencia dos elementos visibles da instalación sobre os elementos que se consideran protexidos e que afecten á paisaxe urbana ou ó entorno medioambiental nos supostos nos que a ubicación se realice en chan non urbanizable.

3. A información gráfica señalará os lugares de emprazamento, con coordenadas UTM e sobre a cartografía seguinte:

a) A escala 1:25.000 para instalacións que se emplacen na demarcación non urbana.

b) A escala 1:2.000 para as instalacións que se emplacen na demarcación urbana.

4. A presentación do Plan de Implantación e Desenvolvemento farase por triplicado e deberá acompañarse da correspondente solicitude cos requisitos formales de carácter xeral que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común.

Artigo 7. Criterios de Implantación.

Na planificación das instalacións radioelétricas, os titulares das mesmas deberán ter en condideración, entre outros criterios, os seguintes:

a) A ubicación, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioelétricas con orixe tanto nestas como, no seu caso, nas terminais asociados ás mesmas, mantendo unha adecuada calidade do servicio.

b) As instalacións deberán de utilizar a mellor tecnoloxía dispoñible, sempre que sea compatible coa minimización do impacto visual e mediambiental.

c) Os plans de implantación faranse axustar ós correspondentes proxectos técnicos, aprobados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, cando se trata de servicios finais ou portadores e de difusión de conformance co que prevén os artigos 13, 14, 17, 25 e 26 da Lei de Ordenación das Telecomunicacións.

d) As empresas operadoras presentarán un seguro de responsabilidade civil que cubra de maneira ilimitada posibles afectacións ós bens ou as persoas. Este seguro cubrirá cada instalación, e non poderá ser un seguro xenérico de totalidade das mesmas.

e) No caso de instalación de estacións radioelétricas en cubertas de edificios residenciais, os titulares de instalacións radioelétricas procurarán, sempre que sexa posible, instalar o sistema emisor de maneira que o diagrama de emisión non incida sobre o propio edificio, terraza ou ático.

f) A compartición de emprazamentos podería estar condicionada pola conseguinte concentración de emisións radioelétricas.

g) De maneira particular, a ubicación, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas debe minimizar, na súa maior medida posible, os niveis de emisión sobre espazos sensibles, tales como escolas, centros de saúde, hospitais ou parques públicos.

Artigo 8. Tramitación

O Plan de Implantación será sometido a información pública por un término mínimo de un mes, mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia, un diario de gran circulación e no taboero de anuncios municipal. Os gastos que xeren estas publicacións correrán a cargo do solicitante.

Na tramitación será preceptivo o informe favorable de quen teña atribuída as competencias urbanísticas e medioambientais do Concello.

A competencia para resolver a petición corresponde ó Alcalde ou ó Organo que legalmente teña atribuída a competencia para o otorgamento de licencias de actividade.

A aprobación de este Plan de Implantación será condición insispensable para que os municipios poidan otorgar as licencias pertinentes para o establecemento das instalacións. A concesión dunha licenza municipal sen a previa aprobación administrativa do Plan será nula de pleno dereiro.

Artigo 9. Actuación e modificación do Plan de Implantación.

As operadoras deberán comunicar calquera modificación ó contido do Plan de Implantación presentado, solicitando, no seu caso, ó órgano competente para a súa aprobación a súa actualización e correspondente aprobación para poder proceder a facer efectivos ditos cambios.

Artigo 10. Vixencia.

Os Plans de Implantación terán unha vixencia de dous anos. Trancurrido este término, os operadores adaptarán o planou presentar un novo de cobertura actualizada.

En todo caso non se autorizará ningunha instalación que non cumpra as determinacións que se establecen non anexo que se incorpora á present Ordenanza.

CAPITULO III.

Límites de exposición, condicións tecnolóxicas de protección ambiental e de seguridade das instalacións.

Artigo 11. Límites de exposición ás emisións radioeléctricas. Restriccións básicas e niveis de referencia.

En cumprimento do disposto no artigo 62 da Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións, e en desenvolvemento da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, de acordo coa Resolución do Consello de Ministros de Sanidade da Unión Europea, de 12 de xullo de 1999, e con fin de garanti-la axeitada protección da saúde do público en xeral, aplicaranse los límites de exposición que figuran no Anexo II do Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo

que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico.

Os límites establecidos cumpriranse nas zonas nas que poidan permanecer habitualmente as persoas e na exposición ás emisións dos equipos terminais, sen prexuízo do disposto en outras disposicións específicas no ámbito laboral.

Artigo 12. Normas de protección ambiental. Prohibicións e limitacións ás instalacións.

Queda prohibida a presenza de instalacións de radiocomunicación en centros hospitalarios e xeriátricos, centros educativos, escolas infatis e en todos aqueles espazos que se definan regulamentariamente como de especial risco.

Con carácter xeral e, sen prexuízo da normativa específica, non poderán establecerse instalacións de radiocomunicación nos bens inmobles de interese cultural declarados monumentos pola Lei do Patrimonio Histórico e nos espazos naturais protexidos calificados coa categoría de Microreservas e Monumentos Naturais pola Lei de Conservación da Natureza.

Limitaranse as instalacións nos conxuntos histórico-artísticos, zonas arqueolóxicas e xardíns declarados como bens de interese cultural, así como no resto de categorías de espazos naturais protexidos, obrigándose a incorporalas medidas de mimetización ou as solucións específicas que minimicen o espazo visual.

Artigo 13. Outras restriccións ós niveis de emisións radioeléctricas.

Sen prexuízo da remisión que se realizou no artigo 10 ós límites de exposición ás emisións radioeléctricas contempladas no artigo 6 do Real Decreto 1066/2001m tida estación radioeléctrica virá limitada nos seus niveis de emisión por calquera das seguintes condicións:

a)A existencia de interferencias perxudiciais ou incompatibilidades con outros servizos de telecomunicacións previamente autorizados ou con outros servizos públicos esenciais.

b)As limitacións impostas polo Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

c) A existencia, fora da zona de servizo autorizada á estación de niveis de intensidade de campo electromagnético superiores ós máximos establecidos.

Artigo 14.

O Concello, de forma xustificada, por razóns urbanísticas, medioambientais ou paisaxísticas, e dando audiencia ós interesados, establecerá a obriga de compartir emprazamento por parte das diferentes operadoras, seguindo os trámites previstos na normativa estatal sobre utilización compartida de instalacións de telecomunicacións, de acordo cos Plans de desenvolvemento propostos. En todo caso, a obriga de compartir pódese desestimar se as operadoras xustifican a imposibilidade técnica ou o Concello considera que o impacto medioambiental ou visual do uso compartido poida ser superior ó de instalacións de radiocomunicación que se pretendan instalar separadamente. No caso de uso compartido, o custe do uso deberá asumirse integramente polas empresas operadoras de servizos de radiocomunicación, exercendo o Concello funcións de arbitraje en caso de desacordo.

CAPITULO IV

Réxime xurídico das licencias sometidas a esta ordenanza

Artigo 15. Determinados requisitos para a autorización referidos ás actividades calificadas.

1. Os operadores que establezan redes soporte de servizos de radiodifusión sonora e televisión e os titulares de licencias individuais, presentarán un estudo detallado, realizado por técnico competente, que indique os niveis de exposición radioelétrica en áreas cercanas as súas instalacións radioelétricas nas que poidan permanecer habitualmente persoas.

Os mencionados niveis de exposición, valorados tendo en conta o entorno radioelétrico, deberán cumprilos límites establecidos no Anexo II do Real Decreto 1066/2001, ó que xa nos remitimos no artigo 10 desta Ordenanza.

O citado estudo será presentado ante el Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, incorporado no proxecto ou proposta técnica necesarios para solicitar a autorización das instalacións radioelétricas, segundo o establecido no Capítulo I, Título III, da Orde de 9 de marzo de 2000, pola que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións, no relativo ó uso do dominio público radioelétrico.

2.Os operadores e titulares de licencias individuais presentarán, simultaneamente e de xeito complementario ó estudio citado, un proxecto de instalación de sinalización e, no seu caso, vallado que restrinxa ó acceso do persoal non profesinal a zonas nas que poideran superarse as restriccións establecidas no xa referido Anexo II. Dita sinalización ou vallado instalarase de xeito previo á posta en servicio da instalación radioelétrica.

3.Sen prexuízo do establecido no apartado primeiro deste artigo, a aprobación definitiva das instalacións estará condicionada á non superación dos límites de exposición xa especificados.

4.Non poderán establecerse novas instalacións radioelétricas ou modificarse as existentes cando o seu funcionamento supoña a superación dos límites de exposición permitidos.

Artigo 16

Na solicitude e tramitación das licencias urbanísticas para as instalacións de radiocomunicación en calquera clase de sólo, a mencionada licencia somentes poderase otorgar previa aprobación do Plan de Implantación e sempre que este Plan se axuste as súas previsións ou ás progresivas actualizacións.

Artigo 17. Suxeción a licencia.

1.Conforme ós artigos 168 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG), e o artigo 10 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenrrolo e aplicación do LSG, estará sometida a licencia municipal a instalación con obra, no seu caso, dos equipos de telecomunicación.

2.Ós efectos previstos nesta Ordenanza, as actividades nela reguladas se clasifican en :

n Actividades inocuas.

n Actividades calificadas

3.Son actividades inocuas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de antenas de telefonía de reducidas dimensións, estacións para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio, contenedores de nodos finais de redes de telecomuniacións por cable, antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisión, estacións de radioaficionados, así como a instalación en fachadas de

cables ou canalizacións pertencentes a redes de telecomunicacións por cable.

4. Son actividades calificadas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de estacións de base de telefonía, así como aquelas que teñen por obxecto a instalación dos equipos e elementos pertencentes a estacións emisoras, repetidoras, reemisoras dos servizos de radiodifusión sonora e televisión e a instalación de estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para uso exclusivo de unha sola entidade.

Artigo 18. Licencias no solo non urbanizable.

Requisitos para a petición e tramitación das solicitudes de licenza urbanística para as instalacións de radiocomunicación en solo non urbanizable.

1. A tramitación axustarase ó establecido nesta Ordenanza con carácter xeral, coa salvedade referida no apartado seguinte.

2.0 Concello trasladará o expediente ó Órgano da Consellería de Política Territorial e Urbanismo competente na materia. O Concello emitirá un dictamen sobre as solicitudes de licenza en solo non urbano e nel se fará constar todo o referido ó impacto ou afectación da instalación sobre o medio e a proximidade a vivendas ou zonas habitadas. O informe será negativo se non se cumpren como mínimo, as distancias esixidas para as instalacións en solo urbano.

Artigo 19. Disposicións particulares aplicables ás actividades calificadas.

1. Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas de procedemento del PGOU que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación, de que se trate, requirirase a presentación de proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio de profesional no que se inclúa, como mínimo, a seguinte documentación.

1.1. Estudio de calificación ambiental que describa con detalle a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu entorno, con indicación dos seguintes datos:

- Acreditación do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do

Estado en materia de saúde ambiental. A estos efectos, aportarase a xustificación da aprobación do Proxecto Técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

- Impactos ambientais producidos por ruídos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.
- Impacto visual na paisaxe arquitectónico urbano.
- Medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar ditos impactos e o grao de eficacia previsto.

1.2. Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación dende o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución de instalación na que se inclúan:

a)Fotomontaxes:

- Frontal de instalación (cando fose posible)
- Lateral dereito: dende a beirarúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.
- Lateral esquerdo: dende a beirarúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.

Se o estimasen procedente os servicios técnicos municipais, deberá aportarse ademáis, simulación gráfica do impacto visual dende a perspectiva da visión do viandante ou dende outros puntos.

b)Plano, a escala axeitada, da localización da instalación e do trazado cableado (a súa situación nos trazados verticais e horizontais), se se realiza a instalación en fachada exterior.

1.3. Se fará referencia ó Plan de Implantación previamente aprobado que contemple as características da instalación para a que se solicita a licencia.

1.4. Medidas correctoras adoptadas para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférico.

1.5. Declaración ou compromiso de mante-la instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación.

2.Será preceptivo o informe favorable dos servicios municipais competentes en materia de medio ambiente, de patrimonio histórico e estética urbana e, cando proceda

segundo a normativa sectorial aplicable, o informe dos órganos ou institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico-artístico natural.

Artigo 20. Disposicións particulares aplicables ás actividades inocuas.

1.Coas solicitudes de licencia relativas ás actividades definidas como inocuas e que, conforme co aratigo 17 desta Ordenanza precisen de licencia municipal, aportarase a seguinte documentación:

a)Solicitud de impreso regulamentario

b)Memoria descriptiva e xustificativa das

obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónico urbano.

c)Planos a escala axeitada das obras e das instalacións, da localización da instalación noa construción ou no edificio e do trazado do cableado se a instalación proxectada se realizara na fachada exterior.

d)Certificación da acreditación oficial da empresa responsable das obras e instalacións.

2.Concederase simultáneamente a licencia que autorice as obras e a que autorice a instalación e o funcionamento da actividade ou instalación nas condicións reflexadas no documento da licencia, sen prexuízo das comprobacións que a administración municipal considere procedente realizar no exercicio das facultades de control e de disciplina que a normativa vixente lle otorga.

Artigo 21. Disposicións de carácter xeral.

1.A documentación que se acompañará á solicitude, da que se adxuntarán tres copias, presentarase no Rexistro Xeral do Concello. Esta documentación acompañarase da documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias que determinen as Ordenanzas Ficais correspondentes.

2.A falta desta documentación a que fai referencia o artigo anterior deberá solucionarse no prazo de 10 días a partires da notificación que sobre estos efectos emita o Concello ó interesado. A non subsanación en prazo comportará a desestimación da solicitude.

3.Conferirase un trámite de audiencia ós interesados que poidan resultar afectados polo outorgamento da licencia.

4.As licencias para a instalación de servicios de radiocomunicación poderán revisarse a instancia do Concello cando transcurran como mínimo, dous anos dende a súa autorización ou última revisión, sempre que a evolución tecnolóxica faga posible aplicar solucións que diminúan o impacto visual ou as modificacións do entorno fagan necesario reducir aquel impacto.

5.A competencia para resolve-la petición corresponde o Alcalde-Presidente. A resolución concendendo ou denegando a licenza urbanística deberá dictarse no prazo dun mes dende a entrada da solicitude no Rexistro. O cómputo do prazo de resolución quedará en suspenso durante o prazo que se conceda ó interesado para solucionar deficiencias, prazo de suspensión que non poderá exceder de tres meses.

CAPITULO V

Inspección, revisión e conservación

Artigo 22. Inspección e certificación das instalacións radioelétricas.

1.Será requisito previo á utilización do dominio público radioelétrico por parte dos operadores, a inspección ou recoñecemento satisfactorio das instalacións polos Servicios Técnicos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, nos termos establecidos no artigo 65 da Lei 11/1998, de 24 de abril, General de Telecomunicaciones.

2.As instalacións radioelétricas realizaranse por instaladores de telecomunicacións inscritos, para o tipo correspondente de Telecomunicación, segundo o disposto no Real Decreto 279/1999, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento Regulador das Infraestructuras Comúns de Telecomunicacións para o Acceso ós Servicios de Telecomunicación no Interior dos Edificios e da Actividade de Instalación de Equipos e Sistemas de Telecomunicacións.

3.Os titulares de licencias individuais, deberán remitir ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, no primeiro trimestre de cada ano natural, unha certificación emitida por técnico competente de que se respetaron os límites de exposición establecidos no artigo 10 desta Ordenanza durante o no anterior. Este Ministerio poderá ampliar esta obriga a titulares de outras instalacións radioelétricas.

Artigo 23. Conservación e revisión.

Os operadores están obrigados a manter as súas instalacións nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e

conservación, así como a incorpora-las melloras tecnolóxicas que aparezan e contribuir a reduci-los niveis de emisión dos sistemas de radiantes e a minimiza-lo impacto ambiental e visual de acordo cos fins desta Lei.

Os operadores terán que revisa-las instalacións anualmente, notificando no prazo de tres meses á Consellería competente a acreditación de dita revisión.

Os titulares das instalacións estarán obrigados a subsana-las deficiencias de conservación nun prazo máximo de quince días a partires da notificación da irregularidade. Cando existan situacións de perigo para as persoas ou bens, as medidas deberán de adoptarse de forma inmediata.

Nos supostos de cese definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o operador, ou no seu caso, o propietario das instalacións deberán realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retira-los equipos de radiocomunicación ou seus elementos, e deixa-lo terreo, a construción ou edificio que sirva de soporte a dita instalación, no estado anterior ó establecemento dos mesmos.

Cando os servicios municipais detecten un estado de conservación deficiente, lo comunicará ós titulares da licencia para que adopten as medidas oportunas no prazo de quince días ou inmediatamente en caso de urxencia. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servicios municipais, a cargo do obrigado.

Artigo 24. Obrigados ó cumprimento.

Quedan especificamente obrigados ó cumprimento da presente Ordenanza as empresas operadoras de telefonía móbil persoal e de outros servicios de telecomunicación e difusión, titulares das instalacións e antenas.

En caso de incumprimento dos preceptos desta Ordenanza, os servicios técnicos municipais poderán ordear-la adopción das medidas que acaden o efecto de restaura-la legalidade infrinxida, segundo o que establece o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia e demais normativa urbanística aplicable.

As órdenes de desmontaxe e retirada das instalacións de antenas realizaranse por empresas titulares da instalación no prazo máximo de quince días ou inmediatamente en caso de urxencia.

As medidas de execución subsidiaria son independentes e compatibles coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

CAPITULO VI

Réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións.

Artigo 25. Protección da legalidade.

1.As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza poderán motivar a adopción das medidas que a continuación se establecen:

a)Restitución da orden urbanístico vulnerado

b)Imposición de multas ós responsables trala tramitación do correspondente procedemento sancionador.

2.En todo caso, a Administración municipal adoptará as medidas tendentes a repoñe-los bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

Artigo 26. Infraccións e sancións.

As sancións ou omisións que vulneren o disposto nesta ordenanza respecto das normas urbanísticas sobre localización, instalación e funcionamento dos equipos de telecomunicación constituen infraccións urbanísticas que serán sancionadas de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e nos artigos seguintes.

Artigo 27. Clasificación das infraccións.

1.As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza constituen infraccións urbanísticas que poden ser calificadas como moi graves, graves ou leves:

2.Son infraccións moi graves:

é A construción de instalacións que non estén incluídas nos Plans de Implantación.

é O funcionamento da actividade superando os niveis máximos de emisión de radiacións e distancias de seguridade legalmente vixentes.

3.Son infraccións graves:

é A instalación con obras, no seu caso, sen licencia dos equipos de telecomunicación ós que se refire o artigo 17 desta Ordenanza.

é O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións ós que se refire o artigo 17.4 desta Ordenanza sen respecta-las condicións que figuren incorporadas á autorización ou licencia concedida.

é O incumprimento dos deberes de conservación, certificación, revisión e retirada das instalacións dos equipos de telecomunicacións ós que se refiren los artigos 22 e 23 desta Ordenanza.

é O incumprimento dos prazos de adecuación das instalacións existentes establecidos na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro.

4.Son infraccións leves:

é As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza relativas á instalación de equipos de telecomunicacións ós que se refire o seu artigo 16.3

é En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais, as accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza serán calificadas como infraccións leves.

Artigo 28. Sancións.

1.A determinación das sancións que corresponda impoñer por comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza realizaranse da seguinte maneira:

a)Sancionarase con multa do 1% ó 5% do valor da obra, instalación ou actuación realizada, a comisión das infraccións leves ás que se refire o artigo 27.4 da Ordenanza.

b)Nos supostos previstos no seu artigo 27.3 aplicaranse as seguintes:

- Serán sancionados con multa do 1% ó 15% do valor das obras complementarias que fose necesario realizar para cumpra-los deberes contemplados nos artigos 22 e 23 desta Ordenanza, calculado polos servicios técnicos municipais.

- Serán sancionados con multa do 5% ó 15% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais,

quenes realicen as actuacións previstas nesta ordenanza sen licencia, sempre que ditas actuacións fosen legalizables.

- Serán sancionadas con multa do 15% ó 30% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais, quenes realicen as actuacións previstas nesta ordenanza sen licencia, sempre que ditas actuacións non fosen legalizables.

- Serán sancionados con multa do 15% ó 30% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais, quenes non adecúen as instalacións existentes dentro dos prazos establecidos na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro.

c) Sancionárase con multa do 30% ó 50% do valor da obra, instalación ou actuación realizada, a comisión das infraccións moi graves ás que se refire o artigo 27.2 da Ordenanza

As actuacións reguladas nesta Ordenanza que a pesar de estares amparadas nunha licencia, se realicen en contra das condicións por ela impostas serán consideradas, ós efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licencia e se impondrá a sanción de acordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Artigo 29. Suxeitos Responsables

Das infraccións ás que fai referencia esta Ordenanza serán responsables solidariamente:

a) A empresa instaladora ou a persona física ou xurídica que dispuxera a colocación da instalación.

b) O director técnico das obras de instalación.

c) O propietario ou comunidade de propietarios do edificio ou terreos en dondo se ubique a antena e demais elementos de instalación.

Artigo 30. Criterios para a graduación das sancións.

Para a graduación das sancións a aplicar se considerarán os seguintes criterios:

a) A existencia ou non de intencionalidade.

b) O resarcimento dos posibles prexuízos ocasionados con anterioridade ó acordo de inicio do expediente sancionador.

c) A subsanación das deficiencias causantes das infraccións durante a tramitación do expediente sancionador.

d) A natureza dos prexuízos ocasionados.

e) A reincidencia, entendendo por tal a comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, no termo dun ano a contar dende a firmeza da resolución da primeira.

Artigo 31. Suspensión do funcionamento da instalación.

Por razóns de seguridade, a Administración poderá acordar, tanto durante a tramitación do procedemento, como previamente a súa iniciación, como medida provisional, a suspensión do funcionamento da instalación.

Artigo 32. Aplicación das sancións e prescripción.

No relativo á aplicación das sancións previstas nesta Ordenanza, e á prescripción das infraccións tipificadas nela, estarase ó establecido sobre o particular na normativa urbanística vixente en Galicia e á restante de aplicación.

SECCION SEGUNDA

TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAIS CONSTITUIDOS EN DOMINIO PUBLICO LOCAL.

Artigo 33.

A taxa esixirase pola utilización privativa ou aproveitamento especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor das Empresas Operadoras de telefonía móbil persoal e de outros servizos de telecomunicación ou difusión de imaxes, sonidos, textos, gráficos ou combinacións de eles que se presten ó público no seu domicilio ou dependencias de forma integrada mediante redes de cable. En calquera caso, estes servizos afectarán á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario.

Artigo 34.

Son suxeitos pasivos da taxa reguladora neta Ordenanza as persoas físicas e xurídicas titulares das Empresas aludidas no seu artigo anterior.

Artigo 35.

Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, o importe de aquelas consistirá, en todo caso, e sen excepción algunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as referidas empresas.

As cantidades que por estas taxas tivera que satisfacer Telefónica de España, S.A, se considerarán integradas, na compensación en metálico de periodicidade anual que esta compañía debe abonar ós Concellos, segundo o artigo 4 apartado 1 da Lei 15/87, de 30 de xullo, na súa nova redacción dada no apartado 2 da Disposición Adicional oitava da Lei 39/88

Artigo 36.

1)Terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no termo municipal os obtidos en dito período como consecuencia dos subministros realizados ós usuarios incluíndo os procedentes de alquiler, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos equipos e instalacións propiedade das Empresas operadoras ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servicios, e en xeral, todos aqueles ingresos que procedan da facturación realizada por servicios derivados da actividade propia da Empresa operadora, así como os subministros prestados gratuítamente a un terceiro, os consumos propios e os non retribuídos en cartos, que deberán facturarse ó prezo medio dos análogos da súa clase.

2)Non se incluírán no concepto de ingresos brutos procedentes da facturación os impostos indirectos que os graven, nin tampouco os seguintes conceptos:

a)As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as Empresas subministradoras poidan recibir.

b)As cantidades que poden recibir por doación, herencia ou por calquer outro título lucrativo.

c)As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos salvo que foran compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que houberan de incluírse nos ingresos brutos definidos anteriormente.

d)Os produtos financeiros, tales como dividendos, intereses e calesqueira outros de análoga natureza.

e)Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.

f)O maior valor dos seus activos como consecuencia das regularizacións que realicen dos seus balances, ó amparo de calesqueira normas que poidan dictarse.

g)As cantidades procedentes da enaxenación de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.

h)Os demais ingresos procedentes de conceptos distintos dos previstos no apartado 1 deste artigo.

Artigo 37.

1)O pagamento do importe das taxas verificaranse por cada empresa operadora mediante declaracións-liquidacións mensuais a conta da declaración-liquidación definitiva, que se presentará no primeiro trimestre seguinte ó ano que se refira. As expresadas declaracións-liquidacións axustaranse ós modelos oficiais correspondentes.

2)Tales deudas poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación con outros créditos o seu favor.

3)O importe de cada declaración-liquidación mensual equivalerá á cantidade resultante da porcentaxe expresado no artigo 20, ó 1/12 porción dos ingresos brutos procedentes da facturación realizada no termo municipal do ano anterior.

4)De igual xeito, o importe da declaración-liquidación definitiva se determinará mediante a aplicación da porcentaxe expresado anteriormente á contía total de ingresos brutos procedentes da facturación da empresa durante dito ano.

Artigo 38.

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria en nas disposicións que a completan e desenrollan.

Disposición Adicional Única.

No prazo dun ano, contado a partires da entrada en vigor, desta Ordenanza, o Concello creará un rexistro especial no que se inscriban todas as instalacións de emisión e recepción dos servizos de telecomunicacións existentes en

Ribadavia. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou por petición dos interesados e conterá os datos relativos ó titular da licenza e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

ANEXO

Area de protección o distancias mínimas en zonas abertas e de exposición ou uso continuado a cumprir polas antenas sectoriais do tipo de telefonía móbil.

Neste anexo inclúense unhas restriccións adicionais de protección a cumprir en aquelas zonas abertas, sen protección de edificacións, onde exista un uso e exposición continuada para as persoas.

Estas restriccións adicionais implican a determinación dun área de protección cunha distancia cautelar mínima de 100 metros lineais, de acordo coas recomendacións que ten aprobado o Parlamento Europeo.

Ademáis considerárase o establecido no artigo 12 da presente ordenanza, que prohíbe a presenza de instalacións de radio-comunicacións en centros hospitalarios e xeriatricos, centros educativos, escolas infantís e en todos aqueles espazos que se definan regulamentariamente como de especial risco."

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CESION DE AULAS DO EDIFICIO ESCOLAR NOVO DA ALAMEDA A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO RIBEIRO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Ensino, celebrada o pasado 20 de Marzo que di: " Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que nos pasados días recibíuse no Concello o acordo de cesión das aulas valeiras do edificio escolar novo sito na Alameda, polo que pensa que hai que acordar a cesión a prol da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, para o cal presenta a seguinte moción que de seguido transcríbese:

"DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA , teño a honra de presentar ó Iltmo. Concello Pleno a seguinte:

M O C I O N:

Con data 7 de marzo de 2002, a Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolveu autoriza-la

cesión temporal das catro aúlas valerías sitas na primeira e segunda planta do novo edificio escolar da Alameda do Concello, para o uso e instalación exclusiva de gardería.

Tendo en conta que o servizo de gardería está sendo prestado pola Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, propónse á Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Acordar a cesión temporal das citadas aúlas a Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, para o cal asinarase o correspondente Convenio de cesión para o uso e instalación exclusiva de gardería con dito organismo.

2.- Facultar ó Sr. Alcalde para que asine cantos documentos sexan precisos para a formalización da presente acordo.

Nembargantes, a Corporación co seu superior criterio, acadará o acordo que estime oportuno. Ribadavia, 20 de marzo de 2002".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para preguntar se existe acordo sobre dita cuestión por parte do Consello Escolar do C.P.I "Tomás de Lemos"; continúa dicindo que existen órganos que funcionan nos centros escolares e pensa que eles son os que deben manifestarse sobre o uso das aúlas, en concreto que o centro non precisa de ditas aúlas para un normal funcionamento co obxecto de evitar problemas futuros.

Intervén o Sr. Alcalde, para manifestar que tanto o director do centro como as profesoras son coñecedoras da situación, indicando que foron elas as que suxeriron dita posibilidade.

Intervén Don Xosé Prieto Pérez, para solicitar que se lle de traslado deste asunto o Consello Escolar para que se pronuncie sobre o mesmo e que tome coñemento do mesmo.

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e B.N.G..- Por conseguinte por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que xa se rectificou o escrito de

cesión temporal das aulas por parte da Delegación da Consellería de Educación, pois, trátase das catro aulas valeiras sitas na primeira e segunda planta do edificio escolar nova sito na Alameda; en canto ó pronunciamento do Consello Escolar, di que se lle dará conta do acordo adoptado.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que o Concello de Ribadavia estase caracterizanado pola cesión gratuita de edificios a diversos organismos, indicando que neste caso concreto, a Mancomunidade do Ribeiro debería abrir un expediente de honores ó Concello de Ribadavia pola súa xenerosidade e sobre todo se temos en conta como estamos a ser tratados por dito organismo; en canto a cesión, sinala que, a mesma debe ser exclusiva para o servizo de gardería, así mesmo pensa que o Consello Escolar do centro debería pronunciarse sobre dita cuestión para evitar problemáticas e conflitos posteriores e non lle vale que se diga que se falou co Director; pregúntase que pasará se aumenta o número de alumnos do centro, sinalando que con esta decisión o Centro podería quedar hipotecado para o futuro; por outra banda, sinala que o colexio da Alameda non cumpre coa Logse, en canto non dispón de servizos mínimos, coma ximnasio, aula de música e biblioteca. Finaliza a súa intervención dicindo que están de acordo coa gardería comarcal, se ben teñen as súas dúbidas en canto a que o Concello poida ceder algo que despois poida necesitar.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o seu grupo vai a votar favorablemente á proposta presentada, se ben a cesión que se prantexa parécelle en precario; di que cando se fixo o traslado da gardería dixose que a as obras de acondicionamento da sede definitiva ian a rematar en dous meses, cuestión esta que non se cumpriu, polo que solicitan que se axilicen as obras para que as mesmas se atopen rematadas ó final deste curso e así poder face-lo traslado durante o verán para principia-lo curso na nova sede.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, para facer historia do proceso que se seguiu nesta cuestión, sinalando que a antiga gardería non non estaba en condicións de exercer-la actividade polo que houbo que pechala e buscar outra alternativa, indicando que, ó seu xuízo é unha boa solución ás aulas valeiras no edificio escolar da Alameda; di asemade, que a devandita cesión leva unha serie de condicións, coma a de que a Mancomunidade deber paga-la auga, luz e servizo de limpeza entre outros; en canto ó retraso das obras, di que ven determinado polo feito da

tramitación da licencia de acordo co que sinala a Lei, indicando que nestos intres existe informe favorable de Sanidade e iniciouse o trámite da licencia de actividade para remitilo a Medio Ambiente.. Finaliza a súa intervención dicindo que se dará conta deste acordo ó Consello Escolar e que para as obras existe unha subvención da Consellería de Familia de dez millóns en dúas anualidades así coma tamén subvención da Deputación, a cal atópase sen concretar.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro do grupo mixto, para sinalar que lle sorprende o feito de que se fale de cesión gratuita, cando a Mancomunidade vai a ter que facer unha inversión no inmovble, tanto para as obras como para os gastos de mantemento; di que esta cesión poderiana facer outros Concellos se ben lle interesa máis o Concello de Ribadavia, xa que a maioría dos alumnos da gardería están empadronaos en Ribadavia; en canto á ubicación sinala que é a máis idonea, xa que que isto suporá unha continuidade dos rapaces ó incorporarse a primaria; en canto ó pronunciamento do Consello Escolar, sinala que quen debe pronunciarse é o propietario do inmovble, dicindo de seguido que se non se cumpre a Logse, o Consello Escolar debería denuncialo. Finaliza a súa intervención dicindo que as obras non se poden comezar ata que haxa unha cesión do inmovble, solicitando que as mesmas se realicen con celeridade.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicirlle ó Sr.Domínguez Lorenzo que o Consello Escolar é un órgano democrático que está contemplado nunha Lei orgánica; di que o seu grupo non dixo que non a cesión, reitera que o Centro escolar da Alameda está insuficientemente dotado; di que está de acordo en que o lugar é o axeitado, se ben tamén sinala que o grupo de goberno meses atrás barallou a posibilidade de ubicar nese edificio o Conservatorio; finaliza a súa intervención dicindo que dita cesión e arriscada xa que pode aumenta-la natalidade e que habería que haber comunicado dita decisión ó Consello Escolar así coma tamén que o normal sería que o Delegado de Educación recabase a opinión do Consello Escolar.

Intervén o Sr. Alcalde para reitera-lo manifestado na súa anterior intervención; di que se aumenta a natalidade haberá que buscar unha solución e para dicir que o Delegado de Educación falou co Director e profesores.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION SOBRE O AMBULATORIO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Participación Ciudadana e Asuntos Sociais, celebrada o pasado 20 de Marzo que di: " De seguido Dona Manuela Iglesias Collarte, fai a presentación dunha moción realtiva ós servicios médicos que se prestan no ambulatorio de Ribadavia, sinalando que está disposta a consensuala entre tódolos grupos municipais.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para sinalar que está de acordo coa moción presentada, se ben pensa que algunhas cousas son imposibles de cumprir mentras non se faga un novo ambulatorio. De seguido o Sr. Domínguez Lorenzo, maniféstase no mesmo senso cá o Sr. Sotelo Barroso.

Despois de diversas intervencións de tódolos presentes, chegase ó acordo de presentar unha moción conxunta de tódolos grupos e que de seguido se transcribe:

" A Corporación Municipal de Ribadavia acorda solicitar ó Servicio Galego de Saúde a mellora nos servicios de pediatría, xinecoloxía, traumatoloxía, odontoloxía e outros servicios que se poidan levar a cabo nas instalacións existentes nesta localidade, tratando de que se fagan en Ribadavia tódalas probas médicas necesarias co obxecto de evita-los desprazamentos dos interesados".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Os grupos municipal do Concello de Ribadavia (P.P., P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto), fan a presentación da seguinte moción de urxencia:

MOCION CONXUNTA SOBRE O ESCRITOR DON CARLOS CASARES MOURIÑO.

"A cultura é o eixo de responder ós problemas que plantea un medio no que habita unha comunidade, unha resposta que se dá a partir do coñecemento". Trátase do pensamento dun Carlos Casares adulto e reflexivo, en plena madurez intelectual que o pasado 9 de marzo finou en Vigo para deixarnos un legado literario extenso, prometedor e incompleto, e que dende o concello de Ribadavia queremos, tódolos grupos políticos con representación no mesmo, facer unha mención especial de agradecemento ó seu fundamental traballo creador.

Escritor comprometido coa súa terra, é na Universidade onde entre en contacto co galeguismo da man de Ramón Piñeiro ou Vicente Risco, e culmina os seus estudos de Filosofía e Letras en Compostela para posteriormente exercer de catedrático de literatura.

Coa premisa de que "a pluma do escritor debe de estar sempre ó servizo da liberdade dos homes" comezou unha carreira literaria, no espazo da novela e do relato corto, moi fecunda: "Vento ferido", "Cambio en tres", "Xoguetes para un tempo prohibido", "Os escuros soños de Clío", "Ilustrísima", "Os mortos daquel verán", "Deus sentado nun sillón azul". Tamén recurreu á maxia do teatro coa obra "As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas", e por suposto ós ensaios biográficos sobre Curros Enríquez, Vicente Risco e Otero Pedraio. Esta tarefa creativa compartiuna coas súa colaboracións habituais en xornais como El País ou La Voz de Galicia.

Carlos Casares obtivo numerosos premios, entre eles o Premio da Crítica Española en 1975 e 1997 e o Premio da Crítica Galega en 1982. En 1988 foi finalista, xunto con Álvaro Pombo, do Premio Nacional de Narrativa. No ano 1989 o Goberno de Galicia outorgoulle o máis alto galardón literario que se concede neste país polo conxunto da súa obra.

Entre os cargos máis salientables cabe subliñar a dirección da revista Grial e da Editorial Galaxia e a Presidencia do Consello da Cultura Galega, cargo que substituíu ó galeguista Xosé Filgueira Valverde.

Dado que se trataba dun home que solía pasear polas terras do Ribeiro; que incluso Ribadavia serviu de eco dalgunha das súas obras, como por exemplo na novela "Os escuros soños de Clío" e que mantíña un vencellamento sentimental coa Vila.

Dado a importante perda para as letras galegas que supuxo o seu finamento, o Pleno do concello de Ribadavia, por

unanimidade, acorda abrialle un expediente de honores, nomeando xuíz instructor do expediente a Concelleira Dona Maria José Escudero Estévez. Ribadavia a vintedous de marzo de dous mil dous".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocións de urxencia:

PRIMEIRA.- "Os Concellais membros da Corporación, acolléndose ó previsto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de Urxencia:

O Pleno da Corporación con data 25 de febreiro de 1999 aprobou o Plan Especial do Conxunto Histórico de Ribadavia.

Na Ordenanza do citado Plan, no artigo 16.1.3 establécese a composición da Comisión de Seguimento.

O Pleno na sesión do 28 de febreiro pasado acordou promover a modificación da súa composición.

Por elo é polo que o Pleno da Corporación ACORDA:

1. Modifica-lo artigo 16.1.3 da Ordenanza do Plan Especial do Conxunto Histórico de Ribadavia aprobado pola Corporación con data 25 de febreiro de 1999 (B.O.P. de 19 de abril de 1999) engadindo a composición da Comisión de Seguimento:

"1 representante de cada Grupo Municipal non representado".

2. Tramitar esta modificación ante os organismos competentes e coa documentación técnica que se requira.

Ribadavia, a 22 de marzo de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obtendose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.- "Os Concelleiros membros da Corporación, co obxecto de que se debata polo Pleno formulan a seguinte MOCION de URXENCIA:

O Concello ven suscribindo diversas Operacións de Tesourería, que en lugar de ser operacións dentro do exercicio para ganar liquidez, convirtense en verdadeiras operacións de préstamo que non son amortizadas dentro do exercicio.

Así mesmo o Concello ven de Recadar de diversos exercicios pasados unha Recadación Extraordinaria polo I.B.I. que pode axudar a sanea-las arcas municipais.

Por elo é polo que formulamos a seguinte PROPOSTA:

O Pleno acorda que o Recadado polo IBI de exercicios pasados se utilice para AMORTIZA-la OPERACION DE TESOURERIA suscrita neste momento. Ribadavia, 22 de marzo do 2002".

Intervén o Sr. Secretario-Interventor do Concello, para dicir que o que se propón é de imposible cumprimento, indicando que as cantidades do I.B.I. estaban consignadas no presuposto de ingresos dos anos 2000 e 2001, sinalando que o procedente sería tomar esa medida ben coa aprobación do presuposto ou ben no momento de concertación da operación de tesourería.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para manifestar que vota en contra por entender que dito acordo non se axusta á legalidade.

TERCEIRA.- "Os Concelleiros membros da Corporación Municipal, acolléndose ó previsto na lexislación de Réxime Local e Lei de Contratos das A.Públicas, formulan para o seu debate a seguinte MOCION polo trámite de URXENCIA:

O Concello ven realizando unha serie de obras, servicios e subministros que compre xestionar con arreglo ó previsto na Lei de Contratos das Administración Públicas.

Co fin de ganar en transparencia e obxectividade é polo que se formula a seguinte PROPOSTA de acordo:

O Pleno da Corporación acorda:

1. Que os Servicios Xurídicos confeccionen unha Proposta de Bases que regulen todo tipo de Contratos previstos na Lei de Contratación das Administracións Públicas (Obras, Servicios, Subministros, etc.).

2. Constituír mentres tanto e de xeito permanente a MESA DE CONTRATACION, que informará tódolos expedientes de contratación de obras, servicios e subministros e, que estará formada polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, un Técnico segundo a materia, 1 concelleiro de cada Grupo e, o Secretario-Interventor que actuará coma tal. Ribadavia, a 22 de marzo de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, un (Don Celso Sotelo Barroso); abstencións, cinco (Os restantes membros do P.P.e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, un (Don Celso Sotelo Barroso); abstencións, cinco (Os restantes membros do P.P.e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

CUARTA.- "Os Concellais que suscriben, presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de Urxencia:

O Pleno da Mancomunidade ven de acordar sacar a Concurso a Concesión do Servicio de MATADOIRO COMARCAL.

Os Concellos que integramos a Mancomunidade temos feito dende 1993 unha Inversión de CENTOS DE MILLONS de pesetas sen que realmente se preste un Servicio ós Veciños da Comarca.

Agora díse que nestes anos a Instalación produxo un importante DEFICIT que estivemos soportando os Concellos integrantes, sen que se tomaran medidas, sen que se autoxestionara o servicio e se tomaran medidas nas ordenanzas fiscais, nin outro tipo de medidas para evitar que os cartos públicos foran para un Servicio que beneficia a algunha empresa.

Tamén neste tempo se estiveron facendo verquidos ó rio Avia que nos causaron notables prexuízos, coma consecuencia dunha ubicación errónea destas instalacións.

Ante a situación creada, elevamos ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. O Pleno da Corporación SOLICITA do Consello de Contas de Galicia se realice unha Auditoría ou Investigación da Xestión do Servicio do Matadoiro e das Contas desta Entidade dende a posta en funcionamento destas Instalacións.

Si este Organismo non realiza esa Auditoría ou Investigación, que se encargue a AUDITORIA a unha empresa privada.

2. O Pleno da Corporación ACORDA interpoñer Recurso Contencioso Administrativo contra o citado Acordo de Concurso do Servicio de Matadoiro Comarcal, encargándolle o Informe previo e interposición do recurso ó Letrado, que se acorde na Xunta de Voceiros.

Asdo. Miguel Fidalgo Areda, Representante do Pleno na Mancomunidade".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicir que hai dous meses que se aprobou no Pleno unha moción relativa á solicitude de documentación sobre o Matadoiro á Mancomunidade, sen que a data de hoxe se recibise a mesma, sinalando que despois do Pleno de onte dita moción está máis ca xustificada.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para manifestar que vota en contra por entender que dito acordo non se axusta á legalidade.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"Tendo en conta as manifestacións despreciativas cara o Pleno do Concello de Ribadavia realizadas pola Sr. Alcalde de Arnoia, membro da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, no pleno celebrado neste organismo o día de onte, todo elo co consentimento do Presidente de dito organismo, propón o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo: Esixir o Sr. Alcalde de Arnoia, membro da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro que rectifique as declaracións verquidas na sesión plenaria da Mancomunidade do día de onte, respecto do Pleno do Concello de Ribadavia".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

Nestes intres o Sr. Alcalde suspende a sesión para gardalos tres minutos de silencio previstos para as oito e media da tarde, como repulsa polo asasinato do concelleiro do partido socialista en Orio (Donosti), Don Juan Priede Pérez.

Unha vez finalizado dito acto, procédese a continuar coa sesión ordinaria do Pleno.

De seguido, Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E, fai a presentación das seguintes mocións de urxencia:

QUINTA.- "Os Concellais membros da Corporación, acolléndose ó previsto na lei Reguladora das Bases do Réxime Local, presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de Urxencia:

O Pleno da Corporación ten acordada a Formación das COMISIONS INFORMATIVAS que deben estudia-los asuntos competencia do Pleno e exerce-las Funcións de Control dos Organos de Goberno.

No Tempo transcorrido vése a deficiente estruturación e a falta de contido de algunhas que non teñen cometido real a vulgar polo contido das convocatorias.

Así mesmo a composición real do Pleno, co posicionamento dos seus membros, fai que pareza aconsellable facer modificacións na composición para recoller mellor á opinión da Corporación.

Por elo é polo que formulamos a seguinte PROPOSTA de Acordo:

1. O Pleno acorda suprimi-las Comisións de Relacións Veciñais-Deporte e a de Participación Cidadá-Asuntos Sociais que se integrarán na de Cultura, que pasará a denominarse Comisión I. de Cultura-Turismo-Educación-Deporte-Servicios Sociais e Participación.

2. A Composición das Comisións modifícase de xeito que o Partido Popular terá 2 representantess nas Comisións Informativas de Cultura-Turismo, etc; 2 representantes na de Servicios-M. Ambiente-Persoal, etc.; 3 representantes na de Contas e I. Facenda, etc: e 3 representantes na de Obras e Urbanismo.

No caso de que algunha Comisión a presida o Alcalde o seu grupo terá un representante menos. Ribadavia, 22 de marzo de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para manifestar que vota en contra por entender que dito acordo non se axusta á legalidade.

SEXTA.- "Os Concellais membros da Corporación, acolléndose ó previsto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de Urxencia:

O Patronato da RESIDENCIA DE ANCIANOS "Nuestra Señora de los Angeles" está necesitado dunha modificación normativa que o poña ó día, dende o tempo da súa creación.

Por unha parte a existencia de só dous membros dificulta o seu funcionamento.

Por outra parte cómpre dotalo de máis mecanismos de control e legalidade.

Por elo é polo que se formula a seguinte PROPOSTA:

O Pleno da Corporación acorda promove-la MODIFICACION dos ESTATUTOS da Fundación Nuestra Señora de los Angeles que xestiona o Asilo de Anciáns, de xeito que pasen a formar parte do Patronato os Concelleiros que forman a Comisión Informativa que leve os temas relacionados cos Servicios Sociais e coma Secretario o do Concello, que estudiarán unha Proposta ampla de Modificación e posta ó día dos Estatutos da citada Fundación. Ribadavia, 22 de marzo 2002".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Grupo Mixto e Dona Maria José Escudero Estévez);

abstencións, cinco (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Grupo Mixto e Dona Maria José Escudero Estévez); abstencións, cinco (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

SETIMA.- "Os Concellais membros da Corporación, acolléndose ó previsto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de Urxencia:

O Pleno da Corporación ten tomado diversos acordos nestes anos de lexislatura.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local establece a obriga do Alcalde de cumprir e facer cumpri-los acordos municipais.

Estamos observando como polo Alcalde algúns acordos, que non deben ser do seu agrado ou cos que está disconforme, non fai nada por cumplilos.

Especial desagrado tennos causado o comportamento do Alcalde na xestión do acordo de Organización da FEIRA DO VIÑO. Un acordo que é moi claro e concreto. O Alcalde boicoteou o debate e agora o acordo.

Outros acordos están tendo un tratamento similar polo Alcalde que retrasa ou non pon en marcha os mecanismos necesarios para dar cumprimento ó que acorda a Corporación.

Por elo o Pleno da Corporación ACORDA:

Facer un chamamento ó Alcalde para que cumpra tódolos Acordos que adopte o Pleno, como é a súa obriga, advirtíndolle que en caso contrario este órgano adoptará as Accións Legais Oportunas contra esta actitude do Alcalde que expresamente censuramos.

Ribadavia, 20 de marzo de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, seis

(P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

OITAVA.- "O Pleno acorda: INSTRUI-lo Expediente de INCOMPATIBILIDADE solicitado polo Grupo do PSdeG.-PSOE ó comezo desta legislatura, entre o cargo de Director P. do INEM e Alcalde-Concelleiro da Corporación, nomeando coma XUIZ INSTRUCTORA a M^a José Escudero Estévez, que despois de recopilados os Informes que existan e recabados os que se considere necesarios, o tramitará con arreglo á Lei, ata o pronunciamento do Pleno.-

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto)- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a devandita moción.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula as seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que dea as ordes oportunas para que no estrado do salón de sesións se poña un tope de madeira para evitar caídas innecesarias dalgún concelleiro.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde para que canto antes proceda á convocatoria do Patronato da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que proceda ó cumprimento da moción aprobada neste Pleno relativa ó pintado dos pasos de peóns.

4º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde para que dea as ordes oportunas ó Concelleriro responsable para que en determinadas horas do día se cumpra a ordenanza de circulación, en concreto a peatonalización do Casco Histórico.

Dona Manuela Iglesias Collarte, concelleira do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación dos seguintes rogos e preguntas:

ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se arranxe o local da asociación de veciños de San Paio, xa que non poden desenvolver-las súas actividades e de feito por dita cuestión xa perderon algunha subvención.

PREGUNTA.- En relación co muro da Casa Rectoral de San Paio, interésalle saber, quen executou a obra, se se axusta ó proxecto realizado e quen supervisa a mesma.

Resposta o Sr. Alcalde: A obra é realizada pola Deputación, di que a memoria de actuación se realizou polo Sr. Asesor Urbanístico, indicando que dita obra está supervisada polos técnicos da Deputación e polo propio Asesor.

Intervén a Sra. Iglesias Collarte para dicir que dita obra non se axusta á memoria realizada, xa que na mesma establecíase que debería reconstruírse o muro coas pedras existentes cuestión esta que non se está a facer, preguntando onde se atopan as mesmas.

Resposta o Sr. Alcalde para dicir que algunhas pedras non se puideron utilizar porque romperon, di tamén que a obras están sen rematar, sendo nese momento cando haberá que ver se se axusta á memoria realizada.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación do seguinte rogo:

ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que na etapa que se está a vivir no Concello, procure segui-los acordos e pautas que lle marca o Pleno, xa que se se respetan os acordos e mandatos do Pleno a convivencia será mellor, así sinala diversas cuestións que non se están a cumprir, coma a moción da Feira do Viño, selección de persoal e solicitude de informes técnicos das diversas obras públicas os cales se levan dilatando moito tempo, cuestión esta que o seu grupo non vai a consentir. Finaliza a súa intervención

solicitando que se cumpran os acordos e filosofía dos acordos plenarios.

E sendo as nove menos cinco da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.